



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Anuncio

Resolución do 22 de novembro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da ampliación da autorización de explotación de recursos da sección A) denominada "Costal Vello" núm. 147, situada no termo municipal de Láncara na provincia de Lugo.

En cumprimento do disposto no artigo 21 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia e no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométese ao trámite de información pública o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental da ampliación da autorización de explotación de recursos da sección A) denominada "Costal Vello" núm. 147, situada no termo municipal de Láncara na provincia de Lugo.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental atópanse dispoñibles ao público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo, e no portal web da dita Consellería (<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/entramitacion/explotacions-mineiras>). As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao xefe territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 22 de novembro de 2021.- O xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3406

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto Parque Eólico Monciro (expediente 118-EOL). Beneficiaria: Naturgy Renovables, S.L.U.(Antes Gas Natural Fenosa Renovables, SLU)

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

PARQUE EOLICO MONCIRO			
CONCELLO	DÍA	HORA	PREDIO
Pol	15/02/2022	9,30	1,3,7,18,48,64,73
		10;30	19,32,33,47,75,77,129,157
		11:30	120,146,149,210,211

	16/02/2022	9,30	94, 109, 138, 144, 147, 163, 260
		10:30	98,108,128,136,139,140, 306
		11.30	153,160,161,164,214, 215,238 261, 305
	17/02/2022	9,30	244,248,249
		10:30	250,251,253
		11:30	254,255, 262
Castroverde	18/02/2022	10:00	2,3,4,9

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advirteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 24 de novembro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3407

Anuncio

Resolución do 3 de setembro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Outeiro de Rei. (Expediente IN407A 2021-59AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: **“NS 70626 DESVÍO CT 9817 OTERO DE REY - LÍNEA SUBTERRÁNEA DE MEDIA TENSIÓN Y CENTRO DE TRANSFORMACIÓN”**
- Situación: concello de Outeiro de Rei
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20211887 en data 28 de xuño de 2021.
- Características técnicas principais:
 - Liña soterrada de media tensión a CT 9817 Outeiro de Rei, con orixe no paso aéreo a soterrado en apoio existente da liña aérea de media tensión derivación a CT 9817 Otero de Rei e final no CT proxectado (9817) Outeiro de Rei, cunha lonxitude de 25 metros en condutor RHZ1-150.
 - CT prefabricado (9817) Outeiro de Rei, cunha potencia proxectada de 630kVA e unha potencia instalada de 160kVA,(Transformador existente en CT a desmontar) no cal se instala unha cela de liña e unha de protección (existentes en CT a desmontar), relación de transformación 20.000/400-230V.
- Finalidade da instalación : Novo Subministro
- Orzamento: 21.730,12 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Outeiro de Rei

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia,

resolve:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso dealzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 3 de setembro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 3409

CONCELLOS**BÓVEDA***Anuncio*

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos- suplemento de créditos- financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercizo anterior, por acordo do Pleno extraordinario do 29/11/2021, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Bóveda, a 29 de novembro do 2021. O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3443

LUGO*Anuncio***Exposición ao público**

Por Decreto número 8504/2021, de data 18 de outubro de dous mil vinte e un, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao 3º trimestre de 2021, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do periodo voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 20 de outubro de 2021.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DE COHESIÓN TERRITORIAL, Miguel Fernández Méndez.

R. 3413

MONDOÑEDO

Anuncio

NOMEAMENTO DE FILLO PREDILECTO DA CIDADE DE MONDOÑEDO

O Pleno Municipal, en sesión ordinaria de data 24 de setembro de 2021, aprobou iniciar o expediente de nomeamento de fillo predilecto, a favor de D. Isidro Otero García, como recoñecemento aos extraordinarios méritos que nel concorren; de conformidade co disposto no artigo 10 do Regulamento de Honores e Distincións do Concello, expónse ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do Concello, para que no prazo de quince días poida examinarse o expediente e formular as reclamacións e as observacións que se estimen pertinentes.

Mondoñedo, 25 de novembro de 2021.- O Alcalde – Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 3414

RIBADEO

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

Visto expediente tramitado para proceso selectivo de constitución dunha bolsa de emprego de persoal técnico para a Biblioteca pública municipal El Viejo Pancho de Ribadeo.

Vistas as solicitudes formuladas para participación nas probas selectivas, durante o prazo regulamentario establecido ao efecto.

RESOLVO:

1º. Prestar aprobación á seguinte **listaxe provisional de admitidos e excluídos** ao proceso selectivo de referencia.

ADMITIDOS

APELIDOS E NOME	OBSERVACIÓNS
López Gestal, José Luis	Non aporta CELGA
Arias Más, Borja	Aporta CELGA
Rey Visto, Sara	Aporta CELGA
Rodríguez Díaz, Kevin	Aporta CELGA
Vidal Cervo, Sonia	Aporta CELGA
Louzao Recarey, Brais	Aporta CELGA
Becerra Ríos, Laura	Aporta CELGA
Castro Paredes, Inmaculada	Aporta CELGA
Alonso Domínguez, Miriam	Aporta CELGA

Balboa Díaz, Rosalía Guadalupe	Aporta CELGA
Brey Hermo, Laura	Aporta CELGA
Domínguez Díaz, Martín	Non aporta CELGA
Valea Fuente, Lucía	Non aporta CELGA
Expósito Fernández, José	Non aporta CELGA
Martínez Martínez, Mónica	Aporta CELGA
Vilar Alvarez, Miriam	Aporta CELGA
Rivas Blanco, David	Non aporta CELGA
Agulleiro Cartoy, Raúl	Aporta CELGA
Seco Fernández, Nuria	Aporta CELGA
Casal Vidal, Saria	Non aporta CELGA
Rey Díaz, Adrián	Non aporta CELGA
Saavedra Blanco, Marcos	Non aporta CELGA
Pajares Varela, Miriam	Aporta CELGA

EXCLUÍDOS

APELIDOS E NOME	CAUSA/S EXCLUSIÓN
Vázquez Ramos, Paula	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Iglesias Martínez, Sara	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
González Sánchez, Gloria	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Vilas Comesaña, Lúa	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Rivas Tomé, Manuela	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Sanchez Quintana, Isabel	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Jaraiz Zamora, Senador Antonio	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
De Prada Martínez, Román Alejandro	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
López López, María Jesús	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Prado González, Lucía	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria
Gutiérrez Puente, Ana Belén	Non aporta titulación requirida nas Bases da convocatoria

2º.- Outorgar prazo para reclamacións ou alegacións por DEZ días hábiles a contar dende o seguinte ao de publicación desta resolución no BOP de Lugo, tablón de anuncios e sede electrónica do Concello quedando elevada a definitiva para o caso de non formularse ningunha.

Mandao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica, do que eu Secretario en funcións dou fe.
Ante mín, O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.- O SECRETARIO XERAL, JOSÉ A. CARRO ASOREY.

R. 3415

SOBER*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 25 de novembro de 2021 o expediente de modificación de créditos nº 631/2021 MC27/2021 TC6, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 22.700,00 euros e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Sober, 26 de novembro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3424

VILALBA*Anuncio*

Faise público que, S. S^a a alcaldesa, mediante o Decreto núm. 770 ditado o día 25 de novembro do 2021, resolveu o seguinte: *"Visto que no decreto número 716 ditado pola alcaldía o día 8/11/2021, que se publicou no BOP núm. 257 do 9 de novembro do 2021, no primeiro apartado da súa resolución, existe un erro material, non sendo correcta a letra do DNI, pois onde figura "... con DNI n.º 33333095C,", debe figurar "...con DNI n.º 33333095T,.....", quedando mediante o presente rectificado e subsanado o dito erro, de conformidade co art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do PACAP, e debendo notificárselle a presente resolución ó interesado, así como proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e a dar conta ós órganos municipais oportunos e ós servicios municipais que proceda."*

Vilalba, 25 de novembro do 2021.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 3418

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - XOVE***Anuncio***EXTRACTO DE LA RESOLUCIÓN DEL ALCALDE Nº 2021-0920 DEL 25 DE NOVIEMBRE DE 2021 QUE APRUEBA LA CONVOCATORIA DE LOS PREMIOS DEL CONCURSO ESCAPARATES DE NAVIDAD "MÍRANOS" 2021-2022**

BDNS (Identif.): 597248

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/597248>)

Primero. Beneficiarios, requisitos y plazo de presentación de solicitudes de participación.

Podrán participar en el concurso todos aquellos establecimientos comerciales situados en la localidad de Xove independientemente del producto que oferten al público.

La documentación a presentar será la siguiente:

-Hoja de inscripción establecida al efecto

La hoja de inscripción deberá presentarse en el Registro de Entrada antes de las 14:00 horas del día 9 de diciembre. En el supuesto de que un comercio tenga varios establecimientos, podrá presentar tantas Hojas de Inscripción como escaparates open al concurso.

Segundo. Objeto

Constituye el objeto de las presentes bases la regulación del procedimiento aplicable para el otorgamiento de los premios del concurso de escaparatismo de navidad 2021-2022

Tercero. Bases reguladoras

La Ordenanza de Subvenciones Generales del Ayuntamiento de Xove se puede consultar en la siguiente dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Cuantía de los premios

Habrà un único premio para el escaparate que alcance más "me gusta" que consistirá en 300,00 Euros.

De acuerdo con el RD 439/2007, de 30 de marzo, por lo que se aprueba el Reglamento del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas, no está sujeto a retención el premio anterior.

XOVE, 26 DE NOVIEMBRE DE 2021.- EL ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3423
